



PDI: MULLERES

VI CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS. CONVOCATORIA 2018/2019

CEIP SANJURJO DE CARRICARTE
2018/2019

1 Introducción:

O **CEIP Sanjurjo de Carricarte** é un centro de educación infantil e primaria situado no barrio de Montealto, na cidade de A Coruña; un barrio caracterizado por unha intensa actividade sociocultural de moi diverso ámbito. O centro, ademais dun compromiso perenne coa coeducación e a igualdade que manifesta a longo do tempo, das materias e das actividades embarcouse, no presente curso 2018-2019, nun Proxecto Documental Integrado (a partir de agora PDI) que abrangue a todos os niveis educativos ao que denomina “**Mulleres**”, este PDI xermola co firme propósito de profundizar na materia e poñer de relevancia a figura da muller en distintos ámbitos ante a necesidade de referentes para as crianzas así como para romper estereotipos de xénero que se ven transmitidos a todos os niveis. O proxecto, coma interdisciplinar e internivel que é, cala en todos os ámbitos da vida do centro e ten unha serie de actividades pensadas e programadas ás que se incorporarán tamén outras accións. O proxecto, tivo un núcleo coordinado polo equipo de dinamización de biblioteca chamado “**A liga das mulleres extraordinarias**” mais é un conglomerado de accións que impregnan en todos os aspectos da vida do centro con propostas e accións educativas dinamizadas polo mesmo equipo pero tamén incorporacións que xurden das titorías ou outros equipos docentes.

1.1 Xustificación, obxectivos e competencias:

A biblioteca Xanela, do CEIP Sanjurjo de Carricarte plantexou o proxecto “Mulleres” tendo en conta as demandas da sociedade, a educación e a contorna poñendo, coma primeiro chanzo, a falta de referentes femininas de todo ámbito. O proxecto tivo un núcleo central que abrangueu a todos os niveis chamado “Liga de mulleres extraordinarias” mais arredor do mesmo programáronse distintas accións educativas que enriqueceron todo o proceso nos distintos niveis e disciplinas.

Podemos salientar coma **obxectivos xerais do proxecto** os seguintes:

- Promover o coñecemento e recoñecemento de mulleres destacadas.
- Facilitar ao alumnado referentes femininos de diversos campos e épocas.
- Promover o traballo colaborativo e a comunicación e intercambio internivel.

- Desenvolver habilidades de investigación e síntese.
- Promover traballo artístico e creativo.
- Xerar unha colección de mulleres destacadas susceptible de ser compilada.
- Xerar un produto internivel que de difusión ao traballo: Álbum de cromos.
- Xerar dinámicas para o coñecemento e difusión de referentes femininas.
- Promover accións de ruptura de estereotipos e de posta en valor da diversidade.

Ademáis o PDI organízase de xeito que favoreza o desenvolvemento do currículo e das **competencias clave** ao conter aspectos coma:

- **Competencia lingüística:** O traballo internivel de investigación e exposición de referentes prográmase de xeito que desenvolve directamente habilidade para empregar a lingua, expresar ideas e interactuar tanto de xeito escrito coma oral.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** A primeira fai referencia ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para a resolución de cuestións, foi por exemplo o caso do traballo con datas, liñas de tempo e a distribución proporcional de espazo con respecto ao mesmo, a numeración de cromos, etc. Con respecto á segunda fixéronse diversas accións directamente relacionadas coma o estudo de descubrimentos e inventos realizados por mulleres e o seu impacto na sociedade actual.
- **Competencia dixital:** Implicamos o uso seguro das Tecnoloxías da Información e Comunicación ao promover accións educativas encamiñadas á obtención de información (selección crítica da mesma), análise e tamén produción e comunicación (investigación, creación, transmisión) con accións coma exposicións, curtas, seccións de radio, retos mensuais de investigación, etc.
- **Aprender a aprender:** Un proxecto de tal calibre e calado favorece de xeito directo o desenvolvemento desta competencia ao implicar o desenvolvemento da capacidade para persistir na aprendizaxe, organizar as tarefas (proxectos de longo percorrido con listaxes de tarefas) e ao esixir tamén, nas distintas accións,

tanto traballo individual coma colectivo na procura dun produto final común.

- **Competencias sociais e cívicas:** Destaca o traballo en torno a “Mulleres no tempo” e “Mulleres no mundo” ou o traballo de “Mulleres e loita polos dereitos” tratando de abranguer un amplo abano social ademáis o proxecto atende directamente as demandas da sociedade actual favorecendo o desenvolvemento do traballo colaborativo, solidario e activo ante unha temática tamén de profundo calado cívico como é a loita pola igualdade efectiva e o valor da diversidade.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** Este PDI nótrese do desenvolvemento desta competencia ao esixir disposición para converter ideas en actos, para lograr esta colección e tamén cumprir coas distintas accións educativas asociadas pórtese dunha base unha idea inicial da cal, con axuda dos docentes, o alumnado vai construíndo o proxecto tomando decisións, investigando e iniciando habilidades tamén de planificación e xestión.
- **Conciencia e expresións culturais:** O proxecto vencélase a dispares realidades e entornos non só no seu estudo senon tamén na súa divulgación fomentando o aprecio á expresión a través de distinta artes plásticas (ex. cromos), musicais, literarias, audiovisuais, etc.

1.2 Calendario:

O proxecto desenvolveuse ao longo de todo o curso **2018-2019** mais ten implicacións directas tamén no curso **2019-2020** ao xerar material de importante aproveitamento para o que xa existe proposta e planificación das accións educativas; este aspecto é algo que nos enorgullece especialmente ao lograr un PDI de importante calado e potencial transcendencia; a igualdade é un valor que, sen dúbida se ven traballando nos centros de xeito transversal máis ter unha ancoraxe coma é este PDI que esixa un desenvolvemento asentado e extenso cremos que é moi salientable e permite unha maior permeabilidade dos valores que se pretenden transmitir e fomentar.

1.3 Participantes e organización

O PDI contou cun 100% de participación no centro, é un proxecto da comunidade

educativa do CEIP Sanjurjo de Carricarte ao involucrar a todo o alumnado de todos os niveis e tamén a todo o profesorado así como contar coa participación das familias ao mantelas informadas cunha canle de comunicación que funcionou en ambas direccións e da que xurdiron iniciativas diversas que o centro programou para favorecer a súa participación. É salientable tamén a implicación de todos os equipos docentes tanto nas propostas achegadas polo equipo de biblioteca coma con novas aportacións ao proxecto vencelladas ao currículo.

2 Obxecto ou temática de investigación propostos:

O proxecto “**Mulleres**” xurde no seo do CEIP Sanjurjo de Carricarte, centro que, por suposto, traballa sempre valores coma a coeducación, equidade, diversidade, etc. e asume o seu compromiso co traballo pola igualdade non só no centro coma institución se non tamén no avance en coñecementos sobre a materia, na formación da comunidade e a transmisión a toda a sociedade, este PDI é nado co firme propósito de profundizar na materia e poñer de relevancia a figura da muller en distintos ámbitos ante a necesidade de referentes para as crianzas así como para romper estereotipos de xénero que se ven transmitidos a todos os niveis. O proxecto “mulleres” ten o seu centro neuráxico na biblioteca Xanela e este ano gozou dun éxito notable á luz da cantidade de actividades, dinámicas e experiencias educativas que se desenvolveron en torno ao mesmo.

3 Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta:

O equipo seguiu un modelo básico de deseño instruccional onde os resultados da avaliación de cada fase foron os que puideron reorientar as distintas accións.

Na fase de **ANÁLISE**: Tomouse en conta ao alumnado e o entorno e fíxose unha breve descrición da situación e as necesidades detectadas listando elementos coma:

- Reprodución de estereotipos de xénero.
- Falta de referentes femininos para o alumnado nas distintas áreas e contidos.
- Necesidade de crecemento na labor de iniciación á investigación.
- Necesidade de crecemento na labor de proxectos para a creación, por parte do alumnado dun produto final significativo.

- Interese mostrado en anteriores experiencias relativas ao tema obxecto do proxecto (charla e dinámica “Pioneiras” (curso 2017-2018), observación de coleccionismo e intercambio de cartas e cromos, etc.)

Na fase de **DESEÑO**: Tomouse conciencia do groso da temática e as ramificacións da mesma desenvolvendo, a raíz desto un programa, o enfoque pedagóxico e tamén unha secuenciación e organización de accións educativas propostas. Colle salientar a sensibilización e formación de docentes ao respecto tanto contando con desenvolvemento previo á proposta coma no transcurso da mesma con formacións como as tomadas nos Centros de Formación e Recursos (“Calendario de Igualdade”, “Igualdade, convivencia e inclusión” “Formación inicial en igualdade”...)

A fase de **DESENVOLVEMENTO** requeriu un tempo de produción na que se xerou (no seo do equipo de Biblioteca) o documento de proposta básico para o claustro, os materiais para o alumnado (plantillas, andeis coeducativos da biblioteca, radio...)

A fase de **IMPLEMENTACIÓN** incluiu o desenvolvemento de todas as accións educativas desde as tarefas iniciais ou motivadoras ás adxacentes ao proxecto pasando polo groso do mesmo. En todas as fases se desenvolveu unha acción de **AVALIACIÓN** coa que tamén nos encamiñamos a unha e outra fase en distintos momentos, por exemplo, ao incluír novas propostas por considerarse axeitadas e enriquecedoras do proceso regresamos a fases de desenvolvemento para poder implementalas posteriormente. Ademais desta avaliación formativa tamén se desenvolve unha avaliación sumativa na que se analizan os resultados, o impacto, etc. do proxecto.

4 Documentación elaborada para profesorado e alumnado:

4.1 Documentación básica para profesorado:

- Documento de proposta “Liga de mulleres extraordinarias” presentado en claustro
- Listaxe de bibliografía recomendada (fondos documentais e contos, cómic...)
- Boletins informativos da biblioteca
- Genially de recursos útiles

4.2 Documentación básica para alumnado:

- Información sobre os andeis coeducativos e bibliografía recomendada.
- Listaxes cotexo e material para a creación de guións de radio.
- Material para a investigación en liñas do tempo.
- Material sobre a creación de curtas
- Material sobre o refraneiro e sobre as cancións con perspectiva de xénero.

5 Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado:


- **Creación de Cromos:** Tendo implementadas numerosas accións educativas encamiñadas á investigación e coñecemento de mulleres e tamén sobre a invisibilización e falta de recoñecemento, loita polos dereitos, etc. chegou o momento no que cada grupo de nivel comprometeuse a **seleccionar e traballar 6 mulleres salientables** distintas en calquera eido, época e procedencia, unha vez traballadas tiveron que



deseñar e crear, co marco da plantilla aportada polo equipo de biblioteca, un cromo a gran escala para a nosa colección. O tamaño mínimo foi A4, a técnica libre, o xeito de traballo na aula a decisión das titoras/es con colaboración do equipo de biblioteca de xeito que algúns niveis seleccionaron e traballaron as biografías das mulleres en gran grupo, outros por equipos traballando cada equipo unha das 6 mulleres e presentando despois o traballo ao resto, outros presentando alternativas e sometendo as decisións a votación, etc. Unha vez reunidos e traballados os 54 cromos da colección foi o equipo de biblioteca quen fixo o traballo de dixitalización e montaxe dos cromos, ademáis o alumnado tivo que aportar breves biografías para incluír no álbum que foi deseñado e maquetado polo equipo de biblioteca. Unha vez realizadas todas as accións as coleccións de cromos e os álbumes foron enviados a reprografía. O alto nivel de satisfacción con traballo realizado por todo o alumnado e as dinámicas xeradas fan que este material (album e cromos) se continúen a empregar o vindeiro

curso con accións coma:

- **Presentación e coleccionable:** Presentación dunha muller á semana das realizadas por outros niveis, investigación, superación de reto con respecto á mesma e logro do susodito cromo para o álbum.
- **Exposición oral:** Cada alumno/a ou equipo escolle unha muller das dos outros niveis para presentar ao resto do alumnado, unha vez presentada lógrase o cromo.
- **Exposición internivel:** Un equipo presenta a obra (cromo a gran tamaño) cunha representación teatral, conto, exposición ou canción que explique de quen falan ao final os oíntes teñen unha serie de preguntas estilo concurso, se as superan todas reciben o cromo.
- **Non seus zapatos:** Cada alumno debe escoller a unha das mulleres dos cromos e profundizar (aínda máis) na súa biografía, carácter, logros, etc. para “convertirse” nela por un día, poderá vir caracterizado/a e aportar todo o atrezzo necesario e así deberá someterse a unha entrevista realizada por outros alumnos/as respostando desde a perspectiva da muller á que representa. Ao final da acción educativa repártese o cromo.
- **A maleta de...:** O alumnado presenta unha maleta (ou caixa) con elementos que nos permitan coñecer á súa dona. A maleta expónse nun lugar visible do centro. Todo o alumnado que adiviñe a que muller do álbum pertence a maleta recibe o cromo da mesma.
- **RadioÁlbum:** No programa de Radio Xanela o alumnado libera unha pista diaria sobre unha das mulleres do álbum así, o programa conterá unha serie de pistas que permitan adiviñar de quen falamos. Os/As acertantes reciben o cromo.
- **Intercambio libre:** o alumnado recibe, ante distintas situacións, sobres que conteñen 3 cromos ao chou e comezan un proceso de intercambio ata conseguir a colección fomentando a comunicación en tempos de lecer así coma promovendo a colaboración.



Todo o traballo de investigación para a creación do álbum e os cromos artellouse cunha serie de accións educativas do proxecto de forma que se puido dividir en 3 fases, unha inicial de motivación e inicio da investigación, unha central co desenvolvemento e o final co produto e utilización do mesmo. Así destacamos accións educativas coma:

- **Novas en feminino:** Mural colaborativo no que todo o alumnado aporta novas positivas sobre mulleres atopadas en distintos medios de prensa.
- **Mulleres no tempo:** Liña do tempo colaborativa a gran escala na que se profundiza no coñecemento de mulleres salientables desde a prehistoria.
- **Mulleres do mundo (1º EP):** Pasaporte de viaxe no que se descubren mulleres salientables por distintos motivos en diferentes rexións do mundo sobre as que traballan e realizan exposicións.
- **Mulleres que nos rodean:** O alumnado de 6º realizou un estudo da biografía de mulleres que traballan no noso centro educativo ás que realizaron unha entrevista profesiográfica, para coñecer de primeira man o percorrido profesional de mulleres coas que comparten o día a día.
- **Portas á igualdade:** Cada clase foi nomeada en homenaxe a unha muller esta investigada e traballada e o seu retrato tamén elaborado polo alumnado situado na porta obtendo aulas nomeadas coma “Rosa Parks”, “Louis Braille”, “Clara Campoamor”, “Rosalía de Castro”, “María Pita”, “Marcela e Elisa” etc.
- **Sección de radio “Efecto Matilda”:** Sección de ciencia na radio na que o alumnado investiga e achega novas e tamén mulleres do eido científico invisibilizadas que sufriron dito efecto.
- **Sección de radio “Non me contes contos”:** Sección baseada no programa “No me

cuentos cuentos” de Prodigioso Volcán na que o alumnado investiga e achega biografías de mulleres en formato conto infantil ou conto dramatizado (radiofónico).

- **Liña do tempo feminismo e mulleres:** A liña do tempo construída por sexto de primaria para uso e consulta de todo o alumnado.
- **Refráns en feminino:** Nesta dinámica 5º e 6º investigaron sobre refráns e “sabedoría popular” cunha perspectiva de xénero, presentando ditos refráns valorando con tarxetas amarelas e vermellas o seu nivel aceptable – inaceptable e creando posteriormente os seus “refráns en feminino” e formato “Tweet”.
- **Elas son heroínas:** Acción de investigación e creación de cartaces mediados por ferramentas TIC coma Heromachine. A realización deste proxecto organízase a través deste material: <http://patrifulca.wixsite.com/mulleres>
- **A curta de sexto:** Este ano gravouse a curta [“Sacar punto”](#) tamén con perspectiva de xénero con guión e dirección compartida entre o alumnado de sexto e a mestra de Ed. Musical e coordinadora de biblioteca.
- **Escape Room:** Desenvolveuse unha acción educativa que potencia a actividade de investigación colaborativa para a superación de retos por equipos con un obxectivo final común. Neste caso o obxectivo para o grupo era liberar o antídoto contra a desigualdade e para iso investigaron sobre mulleres destacadas, tiveron que procurar información nos andeis coeducativos, consultaron e consensuaron aspectos sobre os mitos do amor romántico, investigaron sobre as mulleres na historia e a loita polos seus dereitos construíndo unha detallada liña do tempo, crearon produtos artísticos relacionados (Haikus, Doodles de Google, cartaces, etc.) Así, foron superando retos ata atopar, baixo chave, o antídoto contra a desigualdade (eles e elas mesmos/as).
Main info [aquí](#)
- **Mulleres no currículo:** O proxecto deu un pulo á visibilización das mulleres no currículo dando pé a accións coma a reflexión sobre os sectores productivos e as profesións que tradicionalmente ocuparon as mulleres. (Ciencias Sociais), a revisión histórica do dereito ó voto das mulleres en España. (Ciencias Sociais). Inclusión de

figuras femininas nas fichas de traballo en clase (Matemáticas) para incentivar a investigación sobre a súa vida e feitos (María Pita, Amelia Earhart, Leticia Costas...). Rosalía. Revisión da importancia da escritora galega tanto no Rexurdimento da lingua galega como figura do Romanticismo do S-XIX e tamén revisión da imaxe da escritora poñendo luz na súa vertente loitadora e forte.

- **Itinerarios lectores adaptados:** Nos itinerarios lectores dos distintos niveis procurouse introducir obras vencelladas ao proxecto, por exemplo, 6º de Ed. Primaria (e compartido con 5º) introduciu “A Lagoa das nenas mudas” (Fina Casalderrey). Historia dunha rapaza emigrante en Galicia e a súa inclusión nunha escola galega e “Cuentos en verso para niños perversos” (Roald Dahl): Libro no que se revisan os contos populares dunha maneira especial e no que se prestou especial atención ó cambio nos roles das mulleres entre o conto tradicional e esta reinterpretación (“Caperucita Roja” pasa de ser unha inocente vítima a un perigoso personaxe de armas tomar). O alumnado reflexionou sobre a visión tradicional da muller e da nena nos contos infantís e os valores que transmitían. 3º e 4º de primaria compartiron libros no itinerario que tamén gardan relación co proxecto con obras como “A cazadora de estrelas”.
- **Caracterización:** A biblioteca realizou unha serie de suxerencias de exemplares coeducativos e de ruptura de estereotipos para ser traballados nas aulas así, cada nivel traballou e representou unha obra coeducativa de distintos xeitos e o traballo culminou cun desfile de entroido no que se representaron obras como “As nenas serán o que queiran ser”, “Eu vou comigo”, “Rosa e azul”, “Galofoguete”, “Pippi Mediaslongas”, “Mulleres científicas”, “Sobre patíns”, etc. ademáis todo o alumando preparou a interpretación da obra “Chega o entroido e tes que ver, noso proxecto é á muller” na cal se explicaba brevemente o proceso de traballo de cada obra.
- **Repertorio musical crítico:** Cada grupo traballou o contido e musicalidade de obras vencelladas ao PDI e preparou interpretacións para a actuación final de curso desde o proxecto tendo así un repertorio que inclúe temas como o “Á miña maneira” de

Mamá Cabra, “Feminino Plural” de NAO, “A voz das amigas” de Habelas Hainas, “Ti so ti” de Sés e El Diluvi, “Que non mo neguen” de Tanxugueiras, ou “Hymne des femmes” de Leilía.

- **“En clave de muller”**: festival nas que distintos grupos tanto de alumnado como coa colaboración das familias presentaron actuacións teatrais, monólogos, bailes e actuacións musicais relacionadas co proxecto

6 Recursos utilizados e enumeración das principais fontes consultadas para a investigación.

6.1 Principais recursos persoais:

- Autoras (realizáronse encontros con autoras na biblioteca)
- Familias participantes no proxecto “Mulleres do mundo”, “maratón literario”...
- Equipo docente e alumnado.

6.2 Principais recursos materiais:

- Biblioteca e os seus espazos e recursos (fondos físicos, espazo de alfabetizacións múltiples e os seus ordenadores, espazo de Radio Xanela, etc)
- Recursos de deseño TIC para a gravación, edición, maquetación, reprografía, etc.

6.3 Principais fontes consultadas:

- Fondos de consulta dos andeis coeducativos da biblioteca (“As nenas son de ciencias”, “Pioneiras”, “Pioneiras 2”, “100 mulleres que cambiaron o mundo”, “Pioneiras do deporte en Galicia”, “Niñas que se hicieron grandes”, etc)
- Fondos literarios dos andeis coeducativos da biblioteca (“As nenas serán o que queiran ser”, “Cando as nenas voan alto”, “Rosa e azul”, “O carriño de Martiño”, “Salvaxe”, “A meniña furacán”, “Os monstros grandes non choran”, “O año que é un porquiño” “Mamá quero ser Ziggy Stardust”, “O granxeiro e o veterinario”, etc.)
- Álbum de mulleres de Cultura Galega: <http://culturagalega.gal/album/>

7 Implicación da comunidade educativa, no seu caso:

O proxecto “Mulleres” gozou dunha implicación total e mostra disto é tanto o material producido como o cambio que se visibiliza en distintas dinámicas ou a sensibilización

desenvolvida ademáis do desexo expreso de continuar e afondar o vindeiro curso.

- O 100% do alumnado participou nas actividades e realizou actividades de investigación adaptadas ao seu nivel para contribuír ao PDI.
- Os equipos docentes (EDNL, TIC, EACE...) e tamén os especialistas implicáronse no proxecto aportando propostas educativas ou participando das accións propostas.
- A ANPA mostrouse moi satisfeita desde o primeiro momento co PDI proposto e colaborou en toda situación precisa.
- As familias tamén participaron activamente tanto colaborando na investigación cos seus fillos, promovendo encontros ou charlas, traballando as “Heroínas cotiás”, interpretando e participando no festival “En clave de muller”, acudindo coma público aos eventos e encontros como a estrea mundial da curta elaborada polo alumnado de 6º “Sacar Punto”, etc.

8 Difusión dos traballos entre a comunidade educativa:

Se ben o proxecto abrangue moitas accións diversas tamén é certo que todo xirou en torno á creación dun produto clave coma é o álbum e cromos coleccionables, este produto merece un plan de difusión específico mais todo o que envolve ao mesmo vese reflectido nos seguintes medios:

- **Álbum e cromos:** O produto en si mesmo é un medio de difusión excelente ao chegar a todo o alumnado. A satisfacción e interese suscitado foi un valor engadido que fai plantexarse a necesidade de novas reproducións de xeito que a colección poida ser empregada en entidades como a biblioteca municipal ou asociacións e entidades do barrio. (Ademáis o álbum e cromos serán liberados dixitalmente)
- **Revista escolar: “O voceiro de Hércules”** Revista na que colabora todo o centro, coordinada polo equipo de dinamización da lingua galega.
- **Blogue de biblioteca:** Nel publícanse artigos sobre o proxecto así coma das accións vinculadas (reto de Lusca, recomendacións de lecturas coeducativas, etc.)
- **Exposición virtual:** Realizarase unha dixitalización da exposición do proxecto de

xeito que se poida liberar un espazo web coa exposición virtual na que observar as obras, ler sobre o proxecto e as mulleres representadas e escoitar o percorrido narrado. (producto iniciado)

- **Cartaces:** O proxecto foi difundido por medio de cartaces informativos.
- **Radio:** Os podcasts de radio elaborados por grupos de alumnas e alumnos e coordinados pola biblioteca trataron diversos aspectos do proxecto e, por suposto, continuarase a difusión o vindeiro curso con accións xa programadas como faladoiros, debates, entrevistas, presentacións, contos e radio-teatro, etc.

9 Avaliación realizada en relación cos criterios e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Entendemos a avaliación no PDI coma un elemento fundamental á hora de lograr os obxectivos, valorar os logros e as dificultades e implementar melloras por iso, á hora de elaborar o plan de avaliación tivemos en conta tres ámbitos diferenciados mais relacionados tal e como indica a “*Guía para el seguimiento y evaluación de planes de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres*” publicada polo Instituto de la Mujer (Madrid, 2008) estas tres dimensións de avaliación serán:

O proceso: avalíouse o grao de cumprimento das accións planificadas, esencialmente a través das actividades e tarefas realizadas acando un nivel moi alto, algunhas accións estendéronse no tempo mais non a causa de falta de implicación ou traballo senon debido a accións de afondamento e enriquecemento.

Os resultados: mediuse o nivel de consecución dos obxectivos e o grao de execución das accións descritas e considéranse todos os obxectivos propostos no PDI como acadados co consecuente desenvolvemento das competencias clave.

O impacto: valorárase o calado do proxecto na dinámica de centro e comunidade educativa, o centro estima este coma moi positivo o grao de satisfacción é grande e a repercusión nas dinámicas de aula, grupos de investigación e tamén nos tempos de lecer é visible.

Para desenvolver o plan de avaliación, primeiro desenvolveuse unha **avaliación de**

diagnose coa fin de identificar as características do contexto e do alumnado e outros axentes que participan en relación coa proposta mediante ferramentas, básicamente de observación obxectiva, que identificaron a situación de partida en relación ao contido do proxecto. Plantéxase tamén unha **avaliación formativa** na cal se mide o proceso de implementación da intervención, isto é, durante o proceso, coa fin de valorar o mesmo e redefinir a implementación cando foi preciso. **A avaliación sumativa** mediu os resultados da intervención así como axuda aos plantexamentos de futuro e finalmente procúrase unha **avaliación de impacto** que facilite a constatación dos efectos do proxecto a medio prazo e outras perspectivas de futuro (replicabilidade, transferencia..)

Para desenvolver a avaliación dos distintos ámbitos empregáronse distintos **instrumentos** por parte do profesorado, alumnado, comunidade e familias coa fin de obter resultados obxectivables e analizables de para a mellora tendo en conta que se deberá desenvolver unha avaliación do proxecto que sexa o suficientemente **flexible** coma para ter en conta as diferencias individuais, intereses e necesidades educativas, tamén procurárase que as ferramentas permitan a **participación** involucrando a todos os axentes intervincentes no proxecto deste xeito empregáronse ferramentas coma o portafolio ou a colección de traballos produto das tarefas, as táboas de cotexto ou listas de indicadores que se empregaron coa fin de establecer e rexistrar o acadamento de distintos logros, destacan aquí as listaxes de autoavaliación por parte do alumnado e de coavaliación. Destaca tamén o uso de rúbricas en proxectos como o das “Heroínas” ou na curta, tamén enquisas a distintos grupos da comunidade educativa, entrevistas e debates (coas familias co alumnado, reunións docentes, etc.

10 Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

Este PDI tivo coma centro á biblioteca escolar que desenvolveu o papel de coordinadora do proxecto, dinamizadora de propostas e accións educativas do proxecto para os distintos niveis, facilitadora de materiais e recursos, compiladora, editora e maquetadora de produtos elaborados polo alumnado, divulgadora de produtos, accións educativas, recursos e fondos relativos ao PDI.